



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

BANDO DE ALCALDÍA

Con motivo da celebración das festas de San Xoan 2019, resulta necesario regular algúns aspectos da nosa convivencia cidadá. O presente bando ven a determinar as disposicións mínimas a cumprir para o mellor disfrute das festas das lumeiradas de San Xoán. En consecuencia e en uso das facultades concedidas no artigo 124g da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, da realización e sostenibilidade da Administración Local.

DISPÑO:

1.- LUMEIRADAS:

- O horario das lumeiradas establécese a partir das 20:00 horas do día 23 de xuño ata as 04:00 horas do día 24 de xuño no momento qua haberá que desaloxar a praia.
- As lumeiradas non poderán ter unha altura superior á que determinen os servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa situación, das distancias a edificios e a outros elementos do ámbito, **e en tódolos ámbitos non poderá ter unha altura superior a 3 metros.**
- Non se poderán realizar lumeiradas preto de contenedores, vehículos, vivendas, etc. (segundo os criterios do punto anterior e en todo caso cunha separación mínima de 15 metros).
- As lumeiradas nas praias de Gandarío e do Pedrido, deberán realizarse nas zonas destinadas a tal fin, seguindo as instrucións dos Servizos de Seguridade, non está permitido realizar lumeiradas nas praias da Cabana e do Regueiro.
- Non está permitido o uso de combustible nin acelerantes nas limeiradas, sardiñadas, barbacoas ou similares.
- Non se poderá ascender lumeiradas sen unha protección do chan con area ou similares.
- Non se poderá utilizar nas lumeiradas material que poidan deixar restos cortantes e perigosos (**tabóas con puntas, fiestras con cristais, PALÉS etc**), nin tampouco se poderán utilizar materiais voluminosos para realiza-las lumeiradas (**butacas, sofás, troncos de gran tamaño, etc**).
- Non poderán utilizarse equipos de son de gran capacidade acústica.
- As sardiñadas, barbacoas e similares, non poderán realizarse ocupando calzadas nin entorpecer a circulación de vehículos: deberán contar con illamento térmico e limpiarse ao finalizar, debendo de comprobarse que están apagados os rescaldos antes de rematar, as barbacoas, grella ou similar non poderán estar apoiada directamente no chan (altura mínima de 40 cm)
- Deberán contar con extintor ou sistema similar para actuación ante emerxencia (excepto nas praias)
- Nas zonas onde se realicen as lumeiradas, sardiñadas, barbacoas e similares, unha vez finalizadas, as persoas responsables das mesmas deberán restablecer as condicións de limpeza, seguridade, hixiene e ornato público.
- Prohibido facer buratos no areal.
- Non estan permitidos toldos e tendas de campaña de gran tamaño, non podendo utilizarse. Quedando a determinación dos servizos de seguridade e emerxencias municipais a instalación dos restantes todos.
- **POR MOTIVOS DE SEGURIDADE, A ESTRADA DENDE A ROTONDA ATA O FINAL DA PRAIA, PERMANECERÁ PECHADA O TRÁFICO DENDE AS 22:00 H ATA 04:00 H.**

2.- SERVIZOS DE SEGURIDADE E EMERXECIAS:

- Os Servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais (Policía Local e Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das Ordenanzas Municipais, de forma que no suposto de que as persoas responsables de instalacións, actos, eventos (incluídos a celebración de lumeiradas, sardiñadas, barbacoas ou similares) non as retiren ou modifiquen voluntariamente en caso de ser requeridos por iso por razóns de seguridade, poida proceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario, iso sen prexuízo da indicación, se é o caso, do expediente sancionador que puidese corresponder.

3.- EVENTOS E ACTOS, SARDIÑADAS, BARBACOAS E SIMILARES:

Recórdase que a celebración de lumeiradas, sardiñadas, barbacoas ou actos similares con motivo da celebración das festas de San Xoan están suxeitas a comunicación previa ao Concello por escrito ou e-mail (policia.local@bergondo.gal) indicando os datos da persoa responsable e o lugar de realización da lumeirada.

4.- INFRACCIÓNS:

Nos supostos previstos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, a Policía Local poderá a proceder, como medidas preventiva ao comiso e retirada de todo tipo de materiais, instalacións ou bens móbiles en xeral, logo de requerimento aos interesados cando iso fose posible.

5.- NORMAS COMPLEMENTARIAS:

O Departamento de Seguridade Cidadá queda autorizado para ditar as instrucións complementarias que as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos esixan.

Bergondo, na data que figura na marxe.

A Alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez